

## Máis de 6 millóns e medio de quilos vendimados na D.O. Ribeira Sacra

A data 14 de outubro recolléronse na **D.O. Ribeira Sacra 6.516.473 quilos de uva**, cando 88 adegas xa deron por rematada a campaña e 4 aínda non comunicaron a finalización dos traballos. Así séguese aumentando a diferenza coa campaña pasada que se pechaba con **5.244.049 de quilos**, e auméntase tamén con respecto ao 2018, vendima que se pechaba o 22 de outubro con **6.170.995 quilos de uva** vendimados. Mentres que no 2019 a D.O. Ribeira Sacra batía records coa vendima máis abondosa da súa historia, que se pechaba o 18 de outubro con **7.262.831 quilos**.

Nesta campaña, despois de máis de 48 días totais de vendima, lévanse recollidas por variedades as seguintes cantidades:

### Variedades tintas

- **Mencía 5.217.169 quilos**
- Garnacha 247.124 quilos
- Sousón 97.315 quilos
- Merenzao 59.127 quilos
- Brancellao 58.783 quilos
- Tempranillo 32.565 quilos
- Caíño tinto 32.576 quilos
- Mouratón 9.015 quilos
- Grao Negro 638 quilos

### Variedades brancas

- **Godello 589.279 quilos**
- Albariño 96.294 quilos
- Treixadura 57.905 quilos
- Dona Branca 6.371 quilos
- Branco Lexítimo 4.614 quilos
- Loureira 4.371 quilos
- Torrontés 3.327 quilos